

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC), A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA), O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO (INTECMAR), A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (CETMAR), A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO), A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

En Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2022

INTERVEÑEN

DNA. ROSA QUINTANA CARBALLO, Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº94, do 15 de maio), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a configuración dos departamentos que integran a Xunta de Galicia;

D. ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

D. JULIO E. ABALDE ALONSO, Reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 5/2020 de 9 de xaneiro de 2020, publicado no DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2020 do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 101/2004,

de 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de Outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

D. MANUEL REIGOSA ROGER, Reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO) que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117, de 20 de xuño de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

D. CARLOS CLOSA MONTERO, Vicepresidente de Organización y Relaciones Institucionales de la Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (en adelante, CSIC), que interviene en virtud de su nombramiento por Acuerdo del Consejo Rector del CSIC, en su reunión de 5 de julio de 2022. Además, actúa en nombre y representación de esta entidad, en el ejercicio de las facultades que tiene delegadas por resolución de 21 de enero de 2021 de la Presidencia del CSIC (BOE de 28 de enero de 2021). Organismo con sede en Madrid (CP 28006), domicilio institucional en calle de Serrano, 117 y NIF Q-2818002-D.

D. LOIS OROSA NOGUEIRA, intervén como director xerente da entidade Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), con CIF G15852981, con domicilio na Avda. de Vigo, s/n-Campus Vida, 15705 de Santiago de Compostela. (A Coruña), nomeado o 24 de febreiro de 2022, acordo feito público en escritura nº 680 ante o Notario de Santiago de Compostela José Manuel Amigo Vázquez.

DNA. MARÍA COVADONGA SALGADO BLANCO, directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), nomeada por Decreto 243/2009, de 23 de abril (DOG nº 79, de 24 de abril de 2009), actuado en uso das facultades que lle confire o artigo 8 da lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do INTECMAR.

DNA. PALOMA RUEDA CRESPO, directora-xerente do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR, con CIF G36 885 853 e domiciliado na Rúa Eduardo Cabello, s/n, Vigo 36028 (Pontevedra), nomeada polo padroado da fundación en data 26 de xuño de 2009, e autorizada

para este acto en virtude de delegación da súa Presidencia, de acordo co disposto no artigo 23 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

O Plan de Recuperación , Transformación e Resiliencia do Goberno do Estado (en adiante, PRTR) traza a folia de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego, para a reconstrución económica sólida, inclusiva e resiliente trala crise da COVID-19, e para responder aos retos da próxima década. Este Plan recibe o seu financiamento dos fondos *Next Generation EU*, entre eles o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en adiante, MRR).

O compoñente 17 do PRTR, denominado “Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación” pretende reformar o Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (SECTI) para adecualo aos estándares internacionais e permitir o desenvolvemento das súas capacidades e recursos. Proponse utilizar os recursos públicos para realizar cambios rápidos que adapten e melloren a eficacia, a coordinación e a colaboración e transferencia entre os axentes do SECTI e a atracción do sector privado, con gran impacto no curto prazo sobre a recuperación económica e social do país.

Co obxectivo de reforzar e mellorar a gobernanza da política de investigación e innovación, o compoñente 17 inclúe a inversión I1 “Plans Complementarios coas Comunidades Autónomas” para unha mellor gobernanza mediante a creación dos Plans Complementarios de I+D+I coas Comunidades Autónomas, un novo instrumento para establecer colaboracións entre o Estado e as comunidades autónomas en accións de I+D+I nas que conflúan prioridades comúns dos plans rexionais e estatal e que permitan establecer sinerxías, aumentando a eficacia das políticas públicas en certas áreas estratéxicas. Estes plans terán financiamento conxunto e permitirán aliñar a execución dos fondos rexionais, estatais e europeos.

SEGUNDO

Mediante Acuerdo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación, do 8 de novembro de 2021, aprobouse o acordo polo que se establece o marco para a implementación dos Plans Complementarios que forman parte do compoñente 17 do PRTR. Na cláusula segunda deste Acuerdo establécese que os programas de I+D+I contarán para a súa execución coas achegas do Ministerio de Ciencia e Innovación (MICIN), con cargo aos fondos do PRTR, e con achegas das Comunidades Autónomas. En concreto para Galicia e para o programa de Ciencias Mariñas establécese unha dotación de fondos do PRTR de 6.000.000,00 € e unha achega da Comunidade Autónoma de 4.000.000,00 €. Participan tamén neste programa as comunidades autónomas de Andalucía, Cantabria, Rexión de Murcia e Comunitat Valenciana.

Así mesmo o Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a realización de catro programas para a implementación dos Plans Complementarios de I+D+I coas comunidades autónomas, que forman parte do compoñente 17 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece no seu artigo 1 que un destes programas é o de Ciencias Mariñas. Este programa despregará unha estratexia conxunta de investigación e innovación en ciencias mariñas para abordar de xeito sostible os novos desafíos na monitorización e observación mariño-marítimas, o cambio climático, a acuicultura e outros sectores de economía azul, con especial atención á mellora do coñecemento existente sobre os problemas que afectan aos ecosistemas mariños e as ameazas para a biodiversidade, co obxectivo de mellorar a estratexias de adaptación ao cambio climático e a reorientación das diferentes actividades sectoriais responsables da súa degradación.

No artigo 6 do citado Real Decreto establece que o importe da subvención directa concedido á Comunidade Autónoma de Galicia para o programa de Ciencias Mariñas ascende a 6.000.000 € que serán aboados, conforme ao sinalado no artigo 7, con carácter anticipado e dunha soa vez no momento da concesión.

TERCEIRO

Así mesmo, a Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 22 de decembro 2021 concede a Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no Real Decreto 991/2021 e establece as obrigas que asume a Comunidade Autónoma como beneficiaria así como as condicións para a execución das actuacións e dos gastos.

CUARTO

O programa de Ciencias Mariñas, na parte que lle corresponde executar a Comunidade Autónoma de Galicia, supón o financiamento da proposta de actividades formulada no anexo II do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación do 8 de novembro de 2021 coa participación das seguintes entidades:

- Xunta de Galicia (Consellería do Mar)

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)

Fundación Pública Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)

Centro de Investigacións Mariñas (CIMA)

Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA)

- Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)

Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO)

Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC-IIM)

- Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)

- Universidade de Santiago de Compostela (USC)

- Universidade de Vigo (UVIGO)

- Universidade da Coruña (UDC)

Cada unha destas entidades asume a realización de tarefas concretas en diferentes liñas de actuación do programa.

QUINTO

Que no pasado mes de decembro o MICIN procedeu a ingresar no conta xeral do Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia a súa achega por importe de 6.000.000 €.

SEXTO

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponden as competencias en materia de ordenación e o fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación dos produtos do mar no ámbito de Galicia, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

Que segundo o establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo), correspóndelle a esta Consellería a investigación mariña e a coordinación, programación e execución das actividades de divulgación e de transferencia tecnolóxica nas comunidades pescadoras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e doutro material científico e didáctico.

SÉTIMO

Que o CSIC de conformidade co artigo 47 da le 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, é un organismo público de investigación (OPI), adscrito ao Ministerio de Ciencia e Innovación, a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias.

O CSIC está constituído como axencia estatal e, na dita condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis a 108 sexies –introducidos pola Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos

Xerais do Estado para 2021–, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Ademais, se rexe polas disposicións do seu Estatuto, aprobado por Real Decreto 1730/2007, de 21 de decembro (modificado por el Real Decreto 202/2021, de 30 de marzo, BOE número 77 de 31 de marzo de 2021), que no seu artigo 5, recolle entre as súas funcións, promover e realizar investigación científica e tecnolóxica e o seguimento, a avaliación e a divulgación dos seus resultados.

No marco destas funcións, o Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO) –centro nacional do CSIC, sen personalidade xurídica diferenciada, previsto no artigo 26 bis do seu Estatuto– constitúese como centro de investigación e servizos técnicos de referencia e soporte para a política pesqueira do Goberno en relación co Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, así como para a protección e sostibilidade do medio mariño. O CSIC-IEO elabora, coordina e xestiona programas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico sobre os recursos vivos mariños nos distintos mares e océanos, incluídos a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico aplicados aos cultivos mariños.

Pola súa parte, o Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC-IIM) , centro sen personalidade xurídica diferenciada pertencente ao CSIC, estrutúrase en catro departamentos: oceanografía; ecoloxía e recursos mariños; biotecnoloxía e acuicultura; tecnoloxía dos alimentos. A súa misión consiste, entre outros, en desenvolver investigación integrada e multidisciplinar en ciencias mariñas que permita progresar na comprensión global dos ecosistemas mariños e no estado científico e tecnolóxico dos sectores produtivos relacionados.

OITAVO

Que o CETMAR é unha fundación pública, na que exerce o seu Protectorado a Consellería do Mar, creada no ano 2001 e que ten como obxectivo fomentar e executar accións para a conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e dos seus recursos, en especial no que se refire ao litoral galego; incluíndo proxectos de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

NOVENO

Que o INTECMAR, organismo adscrito á Consellería do Mar da Xunta de Galicia, ten como obxectivo xeral desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para darlle cumprimento formal á lexislación vixente en canto á produción de moluscos e outros organismos mariños, contribuír ao desenvolvemento de novas estratexias de explotación e comercialización baseada en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

DECIMO

Que CESGA é unha Fundación científica tecnolóxica sen fins de lucro cuxo obxectivo principal é promover o coñecemento en diferentes áreas ofrecendo servizos horizontais para satisfacer intereses científicos, tecnolóxicos e de investigación. Creouse de acordo coa decisión do goberno galego de promover servizos de apoio comúns para os esforzos de investigación realizados pola comunidade científica de Galicia. Xestiona a «Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia» (RECETGA), a rede de comunicacións da comunidade científica de Galicia, que presta servizos a través de máis de 30 nodos repartidos por toda Galicia. Tamén acolle o nodo rexional de Rediris, a rede académica española de banda ancha para investigación e desenvolvemento (www.rediris.es).

O departamento de GIS do CESGA traballou en diferentes proxectos aplicando Tecnoloxías de Información Xeográfica. Estas tecnoloxías utilízanse nunha ampla gama de temáticas todas co nexo común de traballar con información xeorreferenciada. A experiencia acumulada en máis de 20 anos de traballo, inclúen proxectos relacionados con patrimonio cultural, educación, comunicacións ou medio ambiente en estudos de impacto ambiental, xestión de recursos e descartes pesqueiros, ou documentación xeolocalizada de estudos fenomenolóxicos.

DÉCIMO PRIMEIRO

Que tanto a USC, como a UVIGO e a UDC son entidades de dereito público dotadas de personalidade xurídica e patrimonio propios, para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, que gozan de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución e a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e que teñen como fins

prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o cumprimento destes fins, estas universidades manteñen relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promoven a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como de traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

DÉCIMO SEGUNDO

Que para o desenvolvemento das tarefas asumidas por cada unha das entidades da Comunidade Autónoma de Galicia participantes nas liñas de actuación previstas no programa de Ciencias Mariñas e proporcionar e xestionar os fondos MRR asignados ás mesmas, así como para regular as condicións e compromisos que correspondan a cada unha das partes, os intervenientes conveñen en formalizar a tales efectos o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a concesión dunha subvención e establecer as condicións de participación da Consellería do Mar, o INTECMAR, o CETMAR, o CESGA, o CSIC, a USC, a UVIGO, e a UDC no programa complementario de Ciencias Mariñas concedido á Comunidade Autónoma de Galicia polo MICIN conforme ao establecido no Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación do 8 de novembro de 2021, no Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a realización de catro programas para a implementación dos Plans Complementarios de I+D+I coas comunidades autónomas, que forman parte do compoñente 17 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e na Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 22 de decembro 2021 pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no citado Real Decreto.

Como Anexo I ao presente convenio recóllese o plan de traballo e financiamento proposto para o programa de Ciencias Mariñas en Galicia. Este plan de traballo baséase no plan de traballo acordado entre as CCAA participantes no Programa de I+D+I na área de Ciencias Mariñas (Anexo II do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación do 8 de novembro de 2021).

Mediante este convenio autorízase a concesión directa das subvencións que nel se recollen en aplicación do previsto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co establecido no artigo 26 da dita lei e no artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvención de Galicia, por concorrer razóns de interese público, económico e social.

As razóns que acreditan o interese público, económico e social baséanse na necesidade de reforzar e mellorar a gobernanza da política de investigación e innovación, posta de manifesto en diversas recomendacións no marco do semestre europeo.

Os Plans Complementarios de I+D+I, froito da coordinación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, teñen como obxectivo fomentar a coordinación das capacidades rexionais en investigación e innovación incluídas nas estratexias rexionais e estatal

do S3, en todas as áreas e impulsar as fortalezas nacionais en áreas onde España demostrou unha indubidable capacidade de liderado no sistema de investigación internacional, como é no caso das ciencias mariñas.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

As actuacións subvencionadas atenderán ao principio de «non causar dano significativo» a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

SEGUNDA.- Achega da Consellería do Mar con fondos MRR

As actividades a desenvolver pola Consellería do Mar, o INTECMAR, o CETMAR, o CSIC, o CESGA, a USC, a UVIGO e a UDC no marco do programa de Ciencias Mariñas teñen un custo estimado de 10.000.000 €, dos que 6.000.000,00 € corresponden a fondos MRR achegados polo MICIN e xa transferidos á Xunta de Galicia.

A Consellería do Mar achegará ás entidades executoras do programa de Ciencias Mariñas en Galicia a totalidade do financiamento do MRR conforme á desagregación por entidades, aplicacións orzamentarias e anualidades que a continuación se indican:

Tipo de Fondos	Entidade	Aplicación Orzamentaria	2022	2023	2024	2025	TOTAL
MRR	INTECMAR	15.01.561A.732.11	2.530 €	4.645 €	5.760 €	1.000 €	13.935 €
	CETMAR	15.01.561A.743.20	111.328 €	287.639 €	339.432 €	92.916 €	831.315 €
	CSIC	15.01.561A.703.0	510.426 €	1.207.978 €	940.726 €	145.416 €	2.804.546 €
	CESGA	15.01561A.743.05	51.980 €	96.063 €	95.834 €	31.050 €	274.927 €
	USC	15.01.561A.744.0	100.861 €	260.555 €	160.667 €	25.435 €	547.518 €
	UVIGO	15.01.561A.744.0	225.884 €	514.427 €	420.923 €	95.450 €	1.256.684 €
	UDC	15.01.561A.744.0	61.824 €	99.533 €	86.720 €	22.998 €	271.075 €
	TOTAL MRR		1.064.833 €	2.470.840 €	2.050.062 €	414.265 €	6.000.000 €

Este financiamento do MRR aplicarase exclusivamente ao desenvolvemento das actuacións do plan de traballo do programa de ciencias mariñas de Galicia que se indican no Anexo II deste convenio.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2014/ C 198/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que outórganse a organismos de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 20 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario cando o organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación se utilicen case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estreitamente vinculado ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

TERCEIRA.- Gastos elixibles para actividades financiadas con cargo aos fondos MRR

A elixibilidade de gastos con cargo ao PRTR está suxeita ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, e os futuros desenvolvementos que poida ter o devandito regulamento.

De conformidade co artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.

En ningún caso o MRR, ou calquera outro fondo europeo, poderá utilizarse para financiar dúas veces o mesmo custo. Por elo, as entidades beneficiarias deberán dispoñer dos mecanismos

adecuados que permitan verificar que non se produce o dobre financiamento e permitan dispoñer de pistas de auditoría apropiadas e separadas para os gastos financiados co MRR e coa achega da comunidade autónoma a través do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

Os principios de actuación e obrigacións establecidos polo MRR, así como os compromisos adquiridos a través do PRTR, conlevan as seguintes limitacións no relativo aos gastos elixibles:

1. A imputación de gastos de persoal está limitada á contratación nova de persoal temporal e aos custos de persoal indefinido para actividades de I+D+i directamente relacionadas coa execución do Programa. Están excluídos os custos de persoal funcionario, laboral fixo e estatutario segundo defíneo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Non será posible o financiamento mixto FEMP/MRR dos contratos deste persoal.
2. A imputación de gastos de equipamento está limitada á adquisición de equipamento novo que é necesario para a execución do Programa.
3. A imputación de gastos de obras civís está limitada a obras de acondicionamento necesarias para a posta en marcha do equipamento adquirido con cargo ao Programa.
4. A imputación doutros gastos está limitada a gastos non recorrentes e estritamente relacionados coa execución do Programa que non se corresponden a custos de persoal e equipamento incluíndo, entre outros, custos de funxible e subcontratacións ata o límite permitido pola Lei Xeral de Subvencións.
5. Poderanse imputar custos indirectos ata un quince por cento (15%) da suma dos custos directos debidamente xustificadas nos termos que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento.
6. Non se poderán imputar custos financeiros nin impostos indirectos, tales como o Imposto sobre o Valor Engadido e o Imposto Xeral Indirecto Canario.
7. Non se financiarán gastos orzamentarios ordinarios e recorrentes. Todos os gastos deberán responder de maneira indubidable á natureza da actividade de I+D+i seleccionada

para o seu financiamento polo MRR, que en todo caso e circunstancias deberán contribuír aos fitos e obxectivos da medida.

A previsión de distribución dos fondos MRR entre os diferentes conceptos de gasto é a seguinte:

Entidade	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
CESGA	238.667 €		400 €	35.860 €	274.927 €
CETMAR	545.007 €	16.500 €	161.376 €	108.432 €	831.315 €
INTECMAR			12.117 €	1.818 €	13.935 €
CSIC-IEO	656.822 €	76.900 €	170.361 €	135.612 €	1.039.695 €
CSIC-IIM	1.021.573 €	144.200 €	368.880 €	230.198 €	1.764.851 €
UDC	224.152 €		11.565 €	35.358 €	271.075 €
USC	434.087 €		42.016 €	71.415 €	547.518 €
UVIGO	905.214 €	3.000 €	184.555 €	163.915 €	1.256.684 €
Total	4.025.522 €	240.600 €	951.270 €	782.608 €	6.000.000 €

CUARTA.- Modificación da distribución dos fondos entre anualidades e conceptos de gasto

Co fin de facilitar a execución do programa e a petición da/s entidade/s beneficiaria/s poderá modificarse a distribución dos créditos, entre anualidades, establecida na cláusula segunda. O acto polo que se acorde esta modificación será ditado pola consellería do Mar, previo informe favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula oitava deste convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida.

Así mesmo, poderá modificarse a distribución da axuda concedida entre os diferentes conceptos de gasto previstos na cláusula terceira deste convenio. Requirirase o informe favorable da Comisión de Seguimento prevista no apartado Oitavo – Gobernanza- do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica e Innovación do 8 de novembro de 2021 naqueles casos nos que as normas de funcionamento da dita Comisión así o establezan.

Conforme ao acordo adoptado pola Comisión de Seguimento do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica e Innovación (reunión do 22 de febreiro de 2022), non se considera modificación substancial a redistribución do gasto entre as diferentes partidas (persoal, equipamento, outros gastos), sempre que sexa inferior ao 20% do total e non afecte aos

obxectivos do programa correspondente. Neste caso, informarase a citada Comisión de Seguimento.

Todas estas modificacións deberán ser propostas previamente á Comisión de Seguimento e Coordinación do presente convenio.

Os actos polo que se acorden estas modificacións será ditados pola consellería do Mar, logo dos informes e/ou comunicacións que se sexan necesarios.

QUINTA: Compromisos e autorizacións

Cada entidade beneficiaria comprométese a:

1. Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - a) Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estás certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable do beneficiario de conformidade co artigo 11 do Regulamento de Lei 9/2007.
 - b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c) Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
 - d) Declaración responsable de non estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras una decisión previa da Comisión Europea que declarara unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.
 - e) Declaración responsable de que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

- f) Declaración responsable de que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do convenio.
- g) Declaración responsable de que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
- h) Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de interese, en relación coa execución das actuacións do PRTR (Modelos A e B do anexo IV da Orde HFP 1030/2021).
- i) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo C do anexo IV da Orde HFP 1030/2021).
- j) Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento de Europa e do Consello do 18 de xuño de 2020 (principio do not significant harm-DNSH) conforme ao modelo que se recolle como anexo III da *Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente*:

https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/guiadnshmitecov20_tcm30-528436.pdf

- 2. Desenvolver as actividades do convenio seguindo o establecido no **Anexo I e na cláusula terceira**.
- 3. Cumprir, no desenvolvemento e execución do Programa Ciencias Mariñas, coas exixencias derivadas do Regulamento (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo y del Consejo de 12 de

febreiro de 2021 polo que se establece o MRR, recollidas no Anexo V do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica e de Innovación do 8 de novembro de 2021.

4. Na execución dos investimentos, a Comunidade Autónoma de Galicia e demais beneficiarios últimos dos fondos procedentes do Plan, así como contratistas e subcontratistas, no seu caso, terán que cumprir coa normativa europea e nacional que lles resulte aplicable, e en particular, coas obrigacións que se derivan do Regulamento (UE) 2021/241, especialmente no relativo ao principio DNSH, evitar conflitos de intereses, fraude, corrupción, non concorrencia de dobre financiamento, cumprimento da normativa en materia de axudas de Estado, comunicación, publicación obrigatoria, cando corresponda, na Base de Datos Nacional de Subvencións ("BDNS") e/ou na Plataforma de Contratos do Sector Público ("PLACSP") e transferencia de datos.
5. En cumprimento do disposto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular a comunicación da Comisión Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia, 2021/C 58/01 (DOUE do 18.2.2021), así como co requirido na Decisión de execución do Consello Europeo do 13 de xullo de 2021 relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, os beneficiarios das subvencións garantirán o pleno cumprimento en todos os proxectos de investimento que deben levar a cabo no marco do programa de ciencias mariñas, do principio DNSH.
6. Cumprir as específicas obrigacións de información en relación co financiamento pola Unión Europea da actividade subvencionada. Resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021: os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationUE», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando

información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

7. Remisión de información sobre o seguimento do grao de avance das liñas de actuación (de ser o caso, fitos e obxectivos) e a execución contable dos gastos imputados as liñas de actuación do PRTR conforme as Ordes do Ministerio de Hacienda y Función pública HPF/1030/2021 e HPF/1031/2021.
8. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, así como ás actuacións de control da OLAF e da Fiscalía Europea, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
9. Comunicar á Consellería do Mar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que as do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
10. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos de Consellería do Mar co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
11. Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería do Mar poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
12. Dar consentimento expreso á Consellería do Mar para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Consellería do Mar e no Diario

Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13. Dar consentimento expreso á Consellería do Mar para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
14. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
15. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
16. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería do Mar
17. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
18. A sinatura deste convenio comportará a autorización á Consellería do Mar para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, os beneficiarios poderán opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.
19. Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos. No caso de bens inscrites nun rexistro público, deberá

facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, isto debe ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente. Esta condición non impedirá a substitución de instalacións ou equipamentos que queden obsoletos, dentro do prazo indicado, debido á rápida evolución da tecnoloxía.

20. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa a esta subvención.
21. Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia de conformidade cos artigos 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e 132 do Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. Neste sentido, os perceptores da axuda deberán conservar os documentos xustificativos e demais documentación concernente ao financiamento, en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo final. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 euros.
22. Conforme ao establecido na Orde HFP 1030/2021 e no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, todas as entidades deben aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas DACI: declaracións de ausencia de conflito de intereses (modelo A do anexo IV da Orde HFP 1030/2021).

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

<https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI)

(https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-ciudadania?langId=gl_ES)

SEXTA.- Xustificación

A xustificación ante a Consellería do Mar dos gastos executados con cargo aos fondos MRR realizarase atendendo aos períodos e prazos establecidos na cláusula seguinte. Esta xustificación farase mediante a presentación dunha conta xustificativa que comprenderá:

1. Memoria técnica descriptiva das actividades realizadas. Detalláranse así mesmo os procedementos implantados para evitar o dano significativo ao medioambiente (DNSH), e para prever, detectar e corrixir o fraude, a corrupción, o conflito de interese e o dobre financiamento nas actividades que se teñan instrumentado a través do Programa. No suposto de que existan axudas de estado, incluíranse as medidas tomadas para o seu control.
2. Relación detallada de gastos e pagamentos realizados cos fondos percibidos (IVE excluído).
3. Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais.
4. Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o

emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito.

De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na cláusula seguinte do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

5. Segundo o disposto no artigo 30.2 da Lei de Subvencións de Galicia, nas subvenciones de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, debendo quedar constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polo representante da administración e polo beneficiario.
6. As entidades beneficiarias, por ter a consideración de Administración Pública aos efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal. Polo que deberán achegar certificación expedida pola secretaría do organismo en que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública e na cal se faga referencia á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención.

7. Para a subcontratación das actividades subvencionadas terase en conta o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal. Para a xustificación das subcontratacións, ademais da documentación xerada pola aplicación do disposto no punto anterior, deberá achegarse:
- Copia/s da/s factura/s emitida/s pola entidade subcontratada ao beneficiario na que se especifique claramente as actividades realizadas no marco do programa de Ciencias Mariñas.
 - Xustificantes de pagamento da/s factura/s da subcontratación.
 - Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no programa, na que se debe incluír unha relación das persoas que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas.
8. Certificación dos custos de viaxe emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable da entidade beneficiaria, en que conste o nome da persoa que realiza a viaxe, o lugar da viaxe, as datas da viaxe e motivo/xustificación da viaxe en relación coas actividades desenvolvidas nas diferentes actuacións do Programa. Os custos da viaxe estarán desagregados por conceptos de gasto: transporte (avión, taxi, autobús, coche particular...), aloxamento (nº de noites) e manutención (por días) Esta certificación deberá estar acompañada das correspondentes facturas e xustificantes de pagamento, así como da copia dos billetes/tarxetas de embarque do medio utilizado.
9. Para a xustificación do custo de persoal dedicado a execución do programa deberá achegarse:
- a) Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do representante legal da entidade, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ás actividades do programa que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e Seguridade Social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do proxecto.

- b) Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do programa, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación prevista no convenio para os anos 2022, 2023 e 2024, o importe considerarase xustificado coa presentación da citada declaración quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 30 de setembro de 2025.
- c) Copia do Informe de datos para a cotización (IDC) para cada un dos traballadores e relativa a cada un dos períodos de xustificación.
- d) Copias das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copias dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos.
- e) Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación para os anos 2022, 2023 e 2024, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2025, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 30 de setembro de 2025
- f) Copia dos contratos de traballo do novo persoal en que poida verificarse a súa dedicación ao Programa.
10. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que teñan financiado a actividade obxecto da transferencia, con indicación do seu importe e procedencia (declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gasto, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, utilizando o modelo do Anexo III).

11. Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de interese, en relación coa execución das actuacións do PRTR (Modelos A e B do anexo IV da Orde HFP 1030/2021).
12. Acreditación da publicidade realizada. A este efecto seguirán as normas establecidas en materia de información, comunicación e publicidade establecidas no Anexo V do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación do 8 de novembro de 2021.
13. Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nas súas obrigas tributarias, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor. Estas certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable do beneficiario de conformidade co artigo 11 do Regulamento de Lei 9/2007.
14. Indicación do lugar e o órgano de custodia da documentación xustificativa orixinal.

Sen prexuízo da documentación indicada nos puntos anteriores, poderá requirirse que se acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

En calquera caso, a xustificación axustarase ás exixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao MRR.

Os gastos xustificables neste convenio imputaranse exclusivamente a este, non sendo posible o fraccionamento dos mesmos para o seu financiamento complementario por fondos doutra procedencia diferente.

SÉTIMA.- Prazos de realización de gastos/pagamentos e de xustificación da axuda

O apartado terceiro do acordo do *Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación* do 8 de novembro de 2021 establece que cada Programa terá unha duración máxima de tres anos contados a partir da publicación do Real decreto de concesión directa da subvención ás CC.AA. No caso do programa de Ciencias Mariñas de Galicia a concesión da subvención foi realizada mediante o Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a concesión directa de

subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a realización de catro programas para a implementación dos Plans Complementarios de I+D+I coas comunidades autónomas. Este Real decreto foi publicado con data 18 de novembro de 2021, polo que o prazo de tres anos remata o 18 de novembro de 2024. Non obstante, o *Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación* na súa reunión do día 22 de xuño de 2022 acordou modificar o devandito punto terceiro do Acordo do 8 de novembro de 2021 establecendo como data límite para a execución do programa o día 30 de setembro de 2025. No punto quinto deste acordo establécese que o MCIN promoverá as modificacións que resulten pertinentes nos instrumentos xurídicos vixentes aplicables na execución dos Plans Complementarios co fin de adaptar o prazo de execución referido.

Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de Consellería do Mar estipulada neste convenio será abonada aos beneficiarios, nas respectivas contas abertas ao seu nome que os mesmos indiquen e certifiquen, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do orzamento elixible total para cada anualidade, conforme ao indicado na cláusula segunda. Defínense os seguintes períodos de execución e xustificación:

	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2022 - 30/11/2022	01/12/2022 - 30/11/2023	01/12/2023 - 30/11/2024	01/12/2024 - 30/09/2025
Data límite presentación documentación xustificativa	12/12/2022	12/12/2023	12/12/2024	30/10/2025

De non xustificar o importe total das actividades establecidas para cada anualidade, a Consellería do Mar minorará a súa achega proporcionalmente, sempre que se cumpriran as actividades programadas.

Para a xustificación de cada pagamento parcial, os beneficiarios achegarán a documentación que se indica na cláusula anterior. A documentación presentárase electronicamente. Os beneficiarios responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presentan. Excepcionalmente, cando a

relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Consellería do Mar, antes de proceder ao seu pago, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos.

Por Resolución de Consellería do Mar e previa solicitude motivada dos beneficiarios, poderán autorizarse pagamentos anticipados de ata o 70% da subvención total concedida en aqueles supostos nos que o investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do citado Decreto 11/2009. Estes anticipos non poderán superar o importe da subvención prevista para cada anualidade. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da mencionada Lei 9/2007. Para a realización dos pagamento anticipados os beneficiarios deberán presentar a seguinte documentación:

- Unha solicitude motivada do pagamento anticipado.
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas e concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas.

A suma dos pagamentos parciais á conta e anticipados poderá superar o 80% da axuda concedida, en base a autorización polo Consello da Xunta de Galicia, e non excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario conforme ao disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados está exenta da constitución de garantías de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por catro representantes da Consellería do Mar, un deles actuará como presidente, e un representante de cada unha das entidades beneficiarias: INTECMAR, Fundación CETMAR, Fundación CESGA, CSIC, USC, UVIGO e UDC.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do convenio
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor á Consellería do Mar variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables así como na distribución dos fondos por anualidades sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirase as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro

do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención concedida será compatible unicamente coa axuda que aporte a Consellería do Mar de acordo co compromiso adquirido no Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación do 8 de novembro de 2021, polo que se establece o marco para a implementación dos Plans Complementarios e que ascende a 4.000.000 €.

Así mesmo, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no seu artigo 9 indica que "a axuda concedida no marco do Mecanismo sumárase á proporcionado de acordo con outros programas e instrumentos da Unión. As reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo".

DÉCIMA.- Control

1. A Consellería do Mar poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo da subvención.
2. Co fin de coordinar as actuacións e gastos que corresponden a cada entidade establece a obrigatoriedade de reunións trimestrais nas que participarán persoal da Consellería do Mar e persoal investigador e/ou técnico do INTECMAR, Fundación CETMAR, Fundación CESGA, CSIC, USC, UVIGO e UDC. A maiores destas reunións trimestrais obrigatorias e a petición de calquera das partes asinantes, as entidades beneficiarias e a Consellería do Mar reuniranse as veces que sexan precisas.
3. A Consellería do mar, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento aos beneficiarios as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de orixe dos fondos. Se se constata

unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, propoñerase o reintegro da subvención concedida.

4. Previo ao pagamento final da subvención, será obrigatorio realizar unha actividade de inspección por parte da Consellería do Mar. Ademais desta actividade final de inspección, a consellería, no marco do seu plan anual de inspección, poderá realizar as visitas e comprobacións iniciais, intermedias e finais que considere convenientes.
5. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

UNDÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente convenio e a Consellería do Mar, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DUODÉCIMA.- Resolución anticipada

Serán causas de resolución anticipada do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, deberán observar a normativa comunitaria, nacional e rexional que resulte de aplicación e, entre outras, as seguintes normas:

- a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento.
- b) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- c) Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- d) Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do PRTR.
- e) Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro, polo que se establece o MRR.

- f) Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- g) Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.
- h) Comunicación da Comisión (2021/ C 58/01). Guía técnica sobre a aplicación do principio de “non causar un prexuízo significativo” en virtude do Regulamento relativo ao MRR.
- i) Guía (UE) de Estados Membros publicada o 22 de xaneiro de 2021 (SWD (2021) 12 part 1/2).
- k) Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.
- l) Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio, e non se solventen a través da Comisión de Seguimento e Coordinación regulada na cláusula oitava, serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO CUARTA .- Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados no marco deste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do mesmo e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2022 .

E en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente convenio, constando como data de subscripción a última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar
Rosa Quintana Carballo

Pola Universidade de Santiago de Compostela
Antonio López Díaz

Pola Universidade de A Coruña
Julio E. Abalde Alonso

Pola Universidade de Vigo
Manuel Reigosa Roger

Polo CSIC
Carlos Closa Montero

Pola Fundación CESGA
Lois Orosa Nogueira

Polo INTECMAR
María Covadonga Salgado Blanco

Pola Fundación CETMAR
Paloma Rueda Crespo

ANEXO I - Programa de Ciencias Mariñas en Galicia

Este programa inclúe unha descrición detallada do plan de traballo composto por 11 paquetes de traballo, 38 actuacións, 132 actividades e 293 tarefas.

O Plan pódese descargar no enlace: <https://nube.iim.csic.es/index.php/s/2DirHf3xyyFqsZF>

ANEXO II- Actuacións do programa de ciencias mariñas de Galicia

Listaxe das Actuacións que se levarán a cabo no programa de ciencias mariñas de Galicia coa indicación do mecanismo financeiro de cada unha.

ACTUACIÓN	Financiación
A1.1. Coordinación Institucional	MRR
A1.2. Apoio, seguimento e coordinación xeral dos traballos	MRR
A1.3. Impulso da innovación e reforzo do Plan como panca do ecosistema de I+D+i Mariño en Galicia	MRR
A1.4. Comunicación e difusión da iniciativa	MRR
A2.1. Análise dos programas e redes de observación, monitorización e das necesidades asociadas	MRR
A2.2. Definición dos sistemas de alerta e outros servizos de utilidade para a toma de decisións	MRR
A2.3. Estratexia da monitorización mariña	MRR
A3.1. Tecnoloxías para a adquisición de datos bioxeoquímicos	MRR
A3.2. Contaminación química mariña para a detección de ameazas e riscos	XUNTA
A3.3. Ecoloxía operacional do plancton	MRR
A3.4. Tecnoloxías para o monitoreo ambiental e biolóxico da liña de costa	MRR
A3.5. Automatización e integración da recollida de datos de pesquerías	MRR
A3.6. Tecnoloxías intelixentes para a monitorización de produtos da pesca e acuicultura	MRR
A4.1. Fontes de datos e Integración de datos	MRR
A4.2. Plataforma de integración	MRR
A4.3. Servizos mariños e Laboratorio Virtual	MRR
A5.1. Proba de Concepto en predición de fenómenos extremos e os seus efectos	MRR
A5.2. Proba de Concepto de modelos end2end en pesquerías	MRR
A5.3. Proba de Concepto en modelos ambientais e fisiolóxicos en acuicultura	XUNTA
A6.1. Desenvolvementos xenómicos, estatísticos e bioinformáticos	XUNTA
A6.2. Ferramentas aplicadas á xestión pesqueira e do ecosistema	MRR
A6.3. Programas de selección xenómica para a mellora da produción	XUNTA
A7.1. Ferramentas para a xestión sostible do subministro natural de semente de bivalvos	XUNTA
A7.2. Abastecemento sostible de semente de bivalvos en criadouro	XUNTA
A8.1. Tecnoloxías para a prevención, control e diagnose	XUNTA
A8.2. Novas formulacións de pensos para rodaballo: sustentabilidade dos descartes	XUNTA
A8.3. Desenvolvemento de ferramentas non invasivas para a monitorización do benestar no rodaballo	XUNTA
A9.1. Modelos piloto de sistemas de IMTA-Offshore e IMTA-RAS con enfoque ecosistémico	XUNTA
A9.2. Avances no benestar do polvo e o seu cultivo sustentable	XUNTA
A10.1. Caracterización dos vectores de cambio e das actividades humanas do litoral	MRR
A10.2. Análise dos vectores de cambio	MRR
A10.3. Recollida de información primaria e co-creación de escenarios	MRR
A10.4. Iniciativas transformadoras para a economía azul	MRR
A11.1. Marco conceptual e operativo e creación de rede	MRR
A11.2. Metodoloxía e ferramentas na área de Cultura científica	MRR
A11.3. Metodoloxías e ferramentas na área de Transferencia	MRR
A11.4. Metodoloxía e ferramentas para a Capacitación en cultura científica e transferencia	MRR
A11.5. Casos de estudo e avaliación da transformación social	MRR

ANEXO III-Declaración de outras axudas concedidas ou solicitadas

DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA		
NOME/RAZÓN SOCIAL		NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

TÍTULO DO CONVENIO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou proxecto, nin para as mesmas partidas de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os que se solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade ou proxecto, ou para as mesmas partidas de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROGRAMA CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (SUBVENCIÓN, PRÉSTAMO,...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data